

## Trámite de audiencia

(Expdte. 620/406)

I. A Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, ten como fin, entre outros, ampliar os procesos de estabilización de emprego temporal como medida complementaria inmediata.

O artigo 2.1., primeiro parágrafo, sinala, “Adicionalmente ao establecido nos artigos 19. Un. 6 da Lei 3/2017 ... e 19. Un. 9 da Lei 6/2018 ..., autorízase unha tasa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluírá as prazas de natureza estrutural ... que, contempladas nas distintas Administracións Públicas e ... dotadas orzamentariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompida ... nos tres anos anteriores a 31 de decembro de 2020.”

O mesmo artigo, no parágrafo segundo, indica, “As prazas afectadas polos procesos de estabilización previstos nos artigos 19. Un. 6 da Lei 3/2017, ... e 19. Un. 9 da Lei 6/2018 ... serán incluídas dentro do proceso de estabilización descrito no parágrafo anterior, sempre que foran incluídas nas correspondentes ofertas de emprego público de estabilización e ... non fosen convocadas, ou sendo convocadas e resoltas, quedasen sen cubrir.”

As Administracións Públicas, máis aló do sinalado nas Leis 3/2017 e 6/2018, deben instrumentar un “proceso de estabilización” respecto de prazas estruturais dotadas orzamentariamente ocupadas temporal e ininterrompidamente nos tres anos anteriores a 31 de decembro de 2020 (1.01.2018 - 31.12.2020). O mesmo artigo no aptdo. 4, sinala, “o sistema de selección será o de *concurso-oposición*, cunha valoración na fase de concurso dun 40% da puntuación total ...,poidendo non ser eliminatorios os exercicios da fase de oposición”.

Sen prexuízo do anterior a disposición adicional sexta prevé, “As Administracións Públicas convocarán, con carácter excepcional ..., polo sistema de *concurso*, aquelas prazas que sendo estruturais e atopándose dotadas orzamentariamente estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida desde data anterior a 1 de xaneiro de 2016”; estes procesos de estabilización do emprego temporal de longa duración realizaranse por unha soa vez.

A disposición adicional oitava engade, “Os procesos de estabilización da disposición adicional sexta incluírán na súa convocatoria as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal con unha relación, desta natureza, anterior a 1 de xaneiro de 2016”.

Artigo 2.2., as ofertas de emprego dos procesos de estabilización do apartado 1, e o “novo proceso de estabilización”, aprobaranse e publicaranse antes do 1.06.2022.

II. No Expediente consta informe do 27.01.2022 dos Servizos Centrais da XMU identificando as prazas afectadas polo artigo 2.1. (4) e as afectadas polas disposicións adicionais sexta e oitava (5). Conclúe, “as prazas sometidas a estabilización de emprego están ... contidas nas OEP aprobadas e pendentes de executar de 2018 e 2021”; “as medidas de estabilización afectarían a 9 prazas”. Neste sentido resulta,

**Oferta de Emprego Público 2022 para a estabilización de emprego temporal. Prazas estruturais da XMU incluídas no artigo 2.1. da Lei 20/2021. Sistema de selección: Concurso-oposición.**

Nº	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Quenda
3	TAX	A1	Admón. Xeral	Técnica	Superior	Libre
1	Arquitecto	A1	Admón. Esp.	Técnica	Superior	Libre



**Oferta de Emprego Público 2022 para a estabilización de emprego temporal de longa duración. Prazas estruturais da XMU incluídas nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021. Sistema de selección: Concurso.**

Nº	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Quenda
2	TAX	A1	Admón. Xeral	Técnica	Superior	Libre
2	Arquitecto	A1	Admón. Esp.	Técnica	Superior	Libre
1	Enxeñeiro	A1	Admón. Esp.	Técnica	Superior	Libre

Procede instrumentar trámite de audiencia aos interesados con anterioridade á proposta de resolución de aprobación das Ofertas de Emprego, artigo 82 Lei 39/2015; neste sentido acórdase:

PRIMEIRO. Instrumentar trámite de audiencia ao obxecto de que os interesados, no prazo dos quince días seguintes ao de publicación deste acordo no Taboleiro Electrónico, examinen o Expediente e o procedemento instruído formulando alegacións e aportando os documentos e xustificacións que estimen oportunos.

SEGUNDO. Publicar o presente acordo no Taboleiro Electrónico e na Intranet municipal realizando notificación ás organizacións sindicais integrantes da Mesa Xeral de Negociación da XMU, artigo 37.1.l) do R.D. Lex. 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

TERCEIRO. As alegacións e os documentos que as acompañen presentaranse vía telemática na Sede Electrónica do Concello de Vigo.

O órgano instrutor

José Riesgo Boluda

Data e sinatura dixital

